



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DIA LUNS 23 DE XANEIRO DE 2023

Visto que o 30 de decembro de 2023 catro membros da Corporación Municipal solicitan a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno para tratar varios asuntos. De acordo ao establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o prazo máximo para realizar esta sesión sería o 21 de xaneiro de 2022.

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 24 de xuño do 2019,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: luns 23 de xaneiro de 2022
- ➔ Hora: 9:30.
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. DACIÓN DE CONTA, POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL, DO ESTADO DE TRAMITACIÓN/EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS PENDENTES INCLUIDAS NOS PLANS ÚNICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA DE 2019, 2020, 2021 E 2022.
2. EXPLICACIÓN, POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL, DAS CAUSAS POLAS QUE NON SE TEÑEN EXECUTADO DITAS ACTUACIÓNS E PREVISIÓN DE EXECUCIÓN DAS MESMAS.
3. DACIÓN DE CONTA, POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL, DO ESTADO DE EXECUCIÓN DA PARTIDA DE INVERSIÓNS DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS VIXENTES.
4. DACIÓN DE CONTA, POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL, DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DO PROXECTO DE MINI RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA PARA A TERCEIRA IDADE. PREVISIÓN RAZOADA DOS PRAZOS PARA A SÚA CONSTRUCCIÓN.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Antonio Fernández Angueira